



A robotización integral de Pose Izcara, unha experiencia de dez

As produtoras da Ganadería Pose Izcara (Vimianzo, A Coruña) necesitaban muxirse máis de dúas veces ao día, a súa produción era elevada e o ubre sufría moito nesa espera. O seu propietario, Manuel Pose, reconece que dar solución a este problema foi o motivo principal da instalación, a principios de ano, dun DairyRobot R9500 de GEA para o muxido.

Co cambio apostou por un proxecto integral de robotización e incorporou os colares CowScout, o arrimador de comida FRone e a amamantadora C400. Traballa só na explotación e buscar persoal cualificado era complicado, así mellorou moito a súa calidade de vida.

Tras cinco meses de traballo co robot xa logrou os tres muxidos de media, aumentou a produción nuns cinco ou seis litros e reduciu o reconto de células somáticas.

Os colares CowScout permítenlle un control total dos animais, o arrimador sacoulle ese traballo ao 100 % e coa amamantadora mellorou o desenvolvemento das xatas, co que cre que poderá inseminalas antes.

Manuel Pose cualifica de 10 a experiencia, tanto para o benestar das súas vacas como para el mesmo.

Nome da explotación: Ganadería Pose Izcara
Localización: Vimianzo (A Coruña)
Número total de animais: 140
Vacas en produción: 60
Media de produción: 42 litros/vaca/día
Media de número de muxidos: 3
Porcentaxe de graxa: 3,70 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: 150.000 cél./ml



Manuel Pose: “O cambio non foi difícil, entraron moi ben, non houbo que arrimar vacas a man nin nada”

Que sistema de muxido tiña antes de instalar o robot?

Muxiamos sobre 70 vacas nunha sala tamén de GEA de 12 puntos e a media estaba nuns 36 litros por vaca e día.

Por que decidiu pasarse ao robot?

Levaba un ano máis ou menos dándolle voltas. Un dos motivos que me levou a decantarme polo robot foi a saúde dos animais, pois tiña vacas que estaban dando moita produción, 50 litros, mesmo algunha de 70 litros, e con dous muxidos o ubre sufría moito. Eran necesarios os tres muxidos.

Outro motivo foi a man de obra. Eu estou só na granxa e buscar persoal é moi complicado; así lévoos moito mellor.

Por que elixiu GEA?

Xa coñecía a marca, a sala que tiña antes era de GEA e non daba problemas, e tamén a xente, dábame confianza. Ademais, tiña claro que a máquina traballaba, por outras que vin.

Que características deste modelo lle gustaron máis?

Tiña varios puntos que me gustaban máis que a competencia: o foso, para poder tratar unha vaca ou para secala, e a separación por cuartos, cada teteira toca o seu teto e listo.

Como planificaron o proceso de cambio?

A verdade é que non foi difícil, porque eu seguín muxindo na sala igual. Onde está posto o robot xa había un oco, desfixemos uns cantos cubículos e instalamos a máquina aí.

As vacas estiveron 8 ou 10 días pasando polo robot sen muxir e sen dar penso nin nada, simplemente ulindo e entrando nel. Despois estiveron 10-12 días comendo penso, mentres nós rematabamos as obras, e o día 16 de marzo comezamos a muxir.

Desde ese día ata hoxe foi unha marabilla. Entraron moi ben, non houbo que arrimar vacas a man nin nada. Tiña algo de medo dos primeiros meses, pero o cambio, de momento, foi xenial.

Non sei se van mellorar. Eu case me conformo así, sinceramente.

Como foi a súa adaptación e a dos animais?

Eu creo que foi mellor para as vacas que para min.

Os animais de máis litros xa están a tres muxidos ou máis, cada vez hai máis produción e mesmo baixaron un pouquiño as células somáticas.

Pola miña parte, moi ben, pouco a pouco, porque a tecnoloxía non é o meu, pero pensei que sería máis complicado.

Que beneficios lle está achegando?

A calidade de vida mellorou un montón. Eu antes estaba aquí ás 5 da mañá e agora veño ás 7, non é o mesmo chegar e ter que pasar dúas horas na sala de muxido que chegar e ir directamente facer as camas e mirar se hai algún atraso. O traballo lévase moito mellor, en calidade de vida melloréi o 100 %.

Ademais, as vacas teñen máis benestar, hai algunhas que están en 4 muxidos ou máis, e aumentaron a produción uns 5 ou 6 litros por animal.

Tras cinco meses de traballo con robot, que valoración fai do cambio?

Tiña algo de medo porque me dicían que os primeiros meses ían ser difíciles, pero a min foime moi ben.

Eu ao cambio doulle un 10, tanto para os animais como para min, e seguro que de aquí en adiante aínda van mellorar, pois parirán de novo e mesmo poden aumentar a produción, que é un dos meus obxectivos.

Ten algún equipamento máis de GEA?

Si. Xunto co DairyRobot R9500, instalei os colares CowScout, o arrimador de comida FRone e a amamantadora C400.

Que vantaxes lle achegan os colares CowScout?

Danme moita información, de cando as vacas están en celo, da ruminación e dos datos das veces que entran no robot, do leite que dan, do penso que comen... Tes un control total do animal.

Se non estás pola granxa e non ves os animais, miras no móbil ou no ordenador e xa che dá todo. Se ves que unha vaca non comeu tanto, que estivo máis tempo deitada... Adiántaste aos problemas.

Que beneficios ten co arrimador de comida FRone?

O arrimador pasa cada dúas horas e isto si que me sacou a min o traballo ao 100 %, sobre todo ás noites. De día tamén, porque estabas por aquí e arrimabas ti a comida, pero o problema é de noite, porque marchas de aquí e chega un punto no que os animais non chegan á comida.

Co arrimador aumentei tres racións máis por animal, pois comen máis de noite, e iso é incremento en litros de leite. Se come máis, produce un pouco máis.

Como é a experiencia coa amamantadora C400?

Teño dous lotes, desde os seis ou sete días de nacer ata un mes e desde o mes ata os 90 días, que fago a desteta.

Ao principio, dálles de mamar alí unha ou dúas veces ao día e, despois, xa van sós, sen problema ningún.

É unha marabilla para o gandeiro e para o animal. Eu estaba antes en 6 litros por día e agora están mamando 10. Levo dous meses con ela, pero xa se nota o cambio perfectamente nas xovenças. Crecen máis, arrincan moito mellor, aos 15 días abren máis a costela e eu penso que vou poder inseminalas un mes antes. Iso son cartos para a granxa.

De cara ao futuro, cales son os seus plans?

De entrada non teño pensado crecer. O meu plan é máis ben a estabilidade dos animais e darlles o máximo confort posible. Se cadra, aumentar un pouquiño máis a produción por vaca. Agora ben, a experiencia é moi boa, non descarto poñer outra cabina, pero de momento non.

Se me piden un consello, eu poñería o robot mañá, sinceramente.



Carlos García

Xerente de Farming Agrícola A Coruña, distribuidor de GEA Robotics

En que gama de produtos está especializado GEA Robotics?

Dentro do proxecto de GEA Robotics, que desenvolve Farming Agrícola A Coruña en practicamente a totalidade da provincia, inclúese todo o que é robotización en muxido, tanto en boxes individuais como en salas de muxido robotizadas, amamantadoras, arrimadores de comida... Toda a gama de robotización que desenvolve GEA.

Como é o asesoramento prevenda de cada máquina?

Contamos cun técnico comercial que visita as explotacións gandeiras e é a persoa que asesora no inicio dos proxectos de robotización. Xunto ao gandeiro, analiza o posicionamento do robot e ocúpase de asesoralo en todo este proceso.

Como xestionan o servizo técnico posvenda?

O servizo posvenda é unha parte importantísima na robotización. Temos un equipo de persoas formadas con atención 24 h os 7 días da semana. Todos os nosos técnicos están formados con cursos que imparte a compañía GEA e totalmente equipados para a atención de urxencias.

Algo que podemos destacar é que cada furgoneta inclúe unha porcentaxe moi alta, o 80-90 % do necesario para a reparación dun robot. Aínda que nas instalacións hai stock, o técnico dispón no seu vehículo de todo o necesario para dar solucións sen ter que vir ao almacén. É unha unidade de intervención directa e urxente.

Como ve o mercado da robotización en Galicia?

Somos un distribuidor recente e novo neste sector, aínda que Farming Agrícola celebra este ano o seu 40 aniversario, pero somos moi optimistas e estamos moi ilusionados con este proxecto, porque vemos que hai un campo de desenvolvemento moi amplo, non só en Galicia senón en toda España.

Os primeiros robots montábanse en explotacións de tamaño pequeno ou mediano; hoxe en día xa temos proxectos de catro ou cinco robots en ganderías de 300-350 animais, ou sexa, proxectos importantes. Eu creo que o mundo da robotización é algo ineludible, non vai pasar de longo no mundo agrícola e gandeiro. É o futuro para todos.



Colares CowScout



Arrimador de comida FRone



Amamantadora C400

ENTREVISTA
EN VÍDEO

